

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE MOAÑA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE NO CONCELLO DE MOAÑA

Moaña, 25 de febreiro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Jesús Vázquez Almuiña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito a dita consellería, actuando en nome e representación deste último, e no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade co Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, **D^a. Leticia Santos Paz**, actuando en nome e representación do Concello de Moaña, en virtude da súa condición de alcaldesa-presidenta da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA) e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

EXPOÑEN

I. O artigo 1 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

O Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é un organismo autónomo de natureza



administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no eido sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

II. Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración.

III. De conformidade co establecido no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e o artigo 55 d) da citada Lei 7/1985, do 2 de abril, as administracións públicas prestaranse, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

IV. A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, todas as administracións públicas deben impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación e adquisición coma de funcionamento e xestión, que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións coa finalidade de poder prestar aos cidadáns unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

V. Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante formulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que, neste caso, se concreta no presente convenio de colaboración.

VI. A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial ao cidadán no Concello de Moaña, faise necesario construír un novo centro de saúde.

VII. Conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante as citadas obras de construción no Concello de referencia, é necesario a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita colaboración.



Á vista do anterior, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Moaña para a construción dun novo centro de saúde no concello, de acordo ao Plan de Necesidades de Atención Primaria de Cangas-Moaña, o cal se modifica, de forma que o novo centro de saúde de Moaña terá servizo propio de Odontoloxía e Saúde Bucodental, mentres que a base do Servizo de Hospitalización a Domicilio (HADO) pasaría ao centro integral de saúde de Cangas debido á falta de espazo na parcela de Sisalde.

Así mesmo, o novo centro de saúde contará cunha zona destinada a Punto de Atención Continuada para poder prestar este servizo en Moaña, mentres non se constrúa o Centro Integral de Saúde.

Segunda. O Concello de Moaña comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión patrimonial ao Servizo Galego de Saúde dunha parcela edificable situada en Sisalde cos parámetros de edificabilidade reflectidos no informe do técnico municipal do 4 de outubro de 2019 que se anexa a este convenio.

Así mesmo, o Concello comprométese a viabilidade da rúa acceso ao Centro de Saúde, que dentro das súas competencias, debe garantir a fluidez do tráfico de ambulancias e vehículos.

A dita parcela deberá cederse libre de cargas e gravames, sen ningunha reserva, coa clasificación de uso sanitario e comprométese a obter os permisos e autorizacións que foran necesarios para executar as obras de construción do novo centro.

Se nalgún momento houberse necesidade dun número maior de prazas de aparcamento, estas se considerarán sempre fóra da necesidade inicial de edificabilidade, debendo ser o Concello quen facilite as prazas de aparcamento que puideran esixirse no futuro.

Terceira. De acordo co anterior e co fin de tramitar a cesión da propiedade da parcela, o Concello remitirá ao Servizo Galego de Saúde a seguinte documentación:

- Certificación do Acordo do Pleno da corporación municipal cedendo ao Servizo Galego de Saúde a parcela, indicando referencia catastral.



- Certificación do cumprimento do establecido nos artigos 109 e 110 do Real decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.
- Certificación do rexistro da propiedade de titularidade e situación de cargas e gravames.
- Certificación catastral.

O artigo 101.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia dispón que o Servizo Galego de Saúde poderá adquirir por si mesmo bens inmobles e dereitos a título gratuito logo da autorización do Consello da Xunta.

No caso de mediar a anterior autorización, a cesión será elevada a escritura pública e inscrita no rexistro da propiedade. A devandita escritura contemplará o dereito de reversión a favor do concello no suposto de que o inmovble a construír deixara de prestar servizo como Centro de Saúde, o ben non se efectúe a construción do mesmo.

Cuarta. O Concello de Moaña asumirá todos os gastos necesarios para dotar á parcela do centro de saúde das infraestruturas necesarias como accesos rodados e peonís, abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica, alumeadado, telefonía, aparcamentos etc.

Os espazos urbanizados anexos deberá dispoñer de polo menos 2 prazas de aparcamento sinaladas para uso exclusivo dos profesionais que realizan atención domiciliaria, que poderán incrementarse ata un 10 % dos profesionais que realicen a dita función.

Estas infraestruturas deberán estar realizadas á entrada en funcionamento do centro de saúde.

Quinta. O Concello de Moaña comprométese a regular na ordenanza fiscal a exención do pagamento do imposto sobre bens inmobles a favor dos centros sanitarios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado.

O atraso no cumprimento deste compromiso por parte do Concello, dará lugar á suspensión da eficacia da cesión do terreo ata a modificación da ordenanza fiscal e, de conformidade co cláusula novena, o seu incumprimento suporá a resolución do convenio.



Sexta. O Servizo Galego de Saúde farase cargo do pago das taxas de licenzas e imposto sobre construcións, instalacións e obras. Non obstante, o Concello de Moaña comprométese a regular na Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, unha bonificación do 95% deste imposto, de acordo co disposto no artigo 103.2.a) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Sétima. O Servizo Galego de Saúde comprométese á elaboración, e de ser o caso, á supervisión e á aprobación do proxecto técnico, así como a contratar, dirixir e executar as obras de construción do centro de saúde, con cargo aos seus orzamentos. Para tal fin, a Corporación deberá facilitarlle ao dito organismo, toda a documentación que sexa necesaria para a redacción do proxecto de obras (planos topográficos, información urbanística, características das infraestruturas existentes, así como o proxecto de urbanización), incluídas as licencias e demais permisos urbanísticos ou de obras que sexan necesarios.

Oitava. Coa finalidade de asegurar o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento á que corresponderán as seguintes funcións:

1. Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas para tal fin.
2. Interpretar en caso de dúbida o contido do mesmo.
3. Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes, nomeados polos seus máximos responsables. A comisión reunirase por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

Novena. O incumprimento de calquera das obrigas establecidas neste documento dará lugar á resolución deste e no seu caso, a indemnización dos danos e perdas causados.

Décima. Este convenio ten carácter administrativo, quedando as partes que subscriben suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste.

Undécima. O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo ser prorrogado por mutuo acordo das partes asinantes antes da data da súa finalización, ata a consecución do seu obxectivo, sen que en ningún momento o período de vixencia poda superar o límite de oito anos establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, incluída a súa prórroga.



Non obstante o anterior, a eficacia deste convenio quedará condicionada á autorización da cesión polo Consello da Xunta de Galicia, consonte ao sinalado na cláusula terceira.

Duodécima. A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE



POLO CONCELLO DE MOAÑA

Leticia Santos Paz



ANEXO





Gumersindo Ferro Pichel, arquitecto municipal.

A petición da Alcaldía realizou o seguinte.

Informe: Sobre capacidade de edificación dos terreos municipais no Polígono 11 de Sisalde

Situación: Polígono 11 de Sisalde en Moaña.

Antecedentes

O 11 de setembro de 2019, na Consellería de sanidade, mantense unha reunión de traballo para aclarar os parámetros urbanísticos da parcela con destino a equipamento asistencial.

CONSIDERACIÓNS

1.-O Polígono 11 do SUNC do PXOM de Moaña, conta cunha reserva de superficie para uso de equipamento asistencial, denominada SDA-1.1*/ A-1.1*.


2.-Segundo o PXOM de Moaña o uso de equipamento esta regulado no 6.3.3 especificándose :

6.3.3.- Condicións de uso e edificabilidade dos equipamentos.

No caso de determinarse na Ordenación Gráfica, un uso para un equipamento específico, éste será a uso principal, sendo os demais complementarios.

En solo urbano, para toda clase de equipamentos públicos rexerá o tipo de ordenación da zona onde se sitúa o equipamento, e manterán condicións de composición urbanística acorde coa mesma, procurando respetar e manter as aliñacións da mazá e lindeiros. Nembargantes, adaptaranse ás condicións de edificación, estándares programas correspondentes á súa lexislación específica e, a edificabilidade será a que se axeite ás necesidades da dotación.

Cando pola forma da edificación resulten espazos libres interiores de amplitude suficiente, terán que axardinarse e dotarse de arboredo. Procurarase que a altura da edificación non pase dos 12 m sobre a cota natural do terreno, excepto cando a ordenanza do entorno autorice alturas maiores. Nembargantes, cando os equipamentos se sitúen en zonas non normalizadas ou en áreas libres de edificación aceptarase a ordenación volumétrica específica, non podendo rebasar os 12 m de altura nin os 0,8 m²/m² de edificabilidade.





3.- O uso asistencial público non conta con limitacións no cumprimento dos parámetros de edificabilidade e de número de alturas, quedando estas supeditadas á necesidade da dotación.

4.- En base ao Plan especial redactado e o proxecto de urbanización do polígono 11 do PXOM denominado Sisalde, a parcela de equipamento acadará a condición de solo urbano consolidado no momento que se aprobe definitivamente a tramitación administrativa e a condición de solar o dotalo de servizos pola urbanización.

5.- Os lindes co solo de equipamentos son:

Polo **norte** sitúase unha parcela clasificada como Espazo Libre e Zona verde, de titularidade municipal de 1.062,28 m². A futura edificación asistencial, pode acaroarse, en planta de acceso, e por ser espazo libre público pode voar a partir do nivel +1 sobre esta a unha altura de máis de 2,70 m.






Polo **leste** correspóndese coa fronte a rúa no nivel +1, reservándose para zona de acceso e manobra de vehículos do centro asistencial. Que se graña en amarelo no croquis que se achega. A aliñación da edificación é coincidente coa liña interior de beirarrúa.



Polo **oeste**, por tratarse de lindantes privados, permítese a edificación acaroadada ou en caso de retiro este será de 5,00, respecto aos mesmos.

Polo **sur** a parcela de equipamentos limita con terreos propiedade do concello, clasificados como Zona Verde, 1.4*, cunha superficie de 1.659,52 m². Sobre esta parcela e sobre parte da parcela de equipamentos existe unha afección de corredor ecolóxico, polo que será preciso informe sectorial previo do organismo autonómico competente en Paisaxe para situar a edificación na parcela. Cruzando o río atopamos unha zoa que clasificada como Zona Verde, 1.4, duns 4.811,40 m², que na actualidade xa se está utilizando como zona de aparcamento. A titularidade da mesma e do Ministerio para la Transición Ecolóxica.






6.-Unha vez definidas as condicións de aliñación e afeccións da parcela de equipamentos no apartado anterior, podemos determinar que a superficie posible de edificio asistencial, sen entrar en aspectos formais e de deseño, podería materializarse da seguinte maneira.

6.1 Unha planta correspondente a un nivel -1, con acceso directo dende a mesma parcela de equipamento, composto por unha superficie bruta de 959,00 m².

6.2 Unha planta correspondente ó nivel 0. Con acceso directo dende a rúa de nova creación, cunha superficie de 959,00 m².

6.3 Planta correspondente ó nivel 1. Cunha superficie de 1.040,00 m², inclúe voos dun metro sobre parcela de equipamentos e sobre a rúa de nova creación.

6.4 Planta correspondente ó nivel 2. Cunha superficie de 1.040,00 m², inclúe voos dun metro sobre parcela de equipamentos e sobre a rúa de nova creación.





6.5 Non obstante, non existe límite no número de alturas, nin na edificabilidade, ao tratarse dunha parcela destinada a equipamento público de uso asistencial.

Analizado o programa determinado como mínimo polo SERGAS sendo preciso cando menos 3.100,00 m², esta superficie estaría superada segundo as cifras anteriores.

7.-No linde noroeste resérvase un espazo libre de cesión ao municipio de 1.062,28m², no que o 10% pode ser destinado directamente a aparcamentos sobre superficie, podendo ser destinado o 100% do subsolo a aparcamento público, segundo o PXOM:

Por todo isto

Dende o meu leal saber e entender e despois de estudadas as consideracións anteriores pódense deducir as seguintes:

CONCLUSIÓNS

a) Ao terreo reflectido no PXOM como SDA-1.1*/ A-1.1* dentro do Polígono 11 do PXOM de Moaña, débense aplicar os parámetros urbanísticos establecidos nos puntos do apartado de consideracións, así como a normativa sectorial de aplicación.

b) Os parámetros urbanísticos recollidos neste informe teñen o carácter de máximos de aproveitamento na ocupación, non sendo obrigatorio acadaalos, podendo limitarse as necesidades da administración pública actuante a hora de realizar un proxecto de equipamento ou dotación. Será o proxecto de edificación o que determine a edificabilidade precisa, o número de plantas, posición e forma deste dentro da planta capaz respecto ao vial e lindeiros.

Moaña, 27 de setembro de 2019.

O arquitecto municipal.

